


## RUTA 6: DO ALTO DA PEDRA



A ruta comeza pola parte alta do pobo de Paderne a través dun camiño de carro que se desvía a man dereita da estrada principal. Cóllese outro desvío a man esquerda ó pouco de comezar a ascender.



Os dous primeiros quilómetros discorren por camiños estreitos e empinados en subida ata chegar á altura de Pedradita do Caurel e permiten admirar o Val do Río Pequeno.



Logo da subida non moi pronunciada pero sí longa, comézase a descender de xeito moderado. Máis adiante chégase á estrada principal, crúzase ó outro lado e continúaase a ruta ata Pedradita do Caurel, aldea pequena da zona que está a un pouco máis de

1000 metros de altitude e que se atopa na parte norte da Escrita (1455 metros).



Unha vez fóra da aldea, a ruta continúa pola outra marxe do río e ascende moi suavemente polas ladeiras do Monte Escrita durante pouco máis dun quilómetro por un camiño nos que a árbore predominante é a faia.



Os últimos tres quilómetros son en baixada por un sendeiro repleto de matos de uzais, fentos e faias.





Nos últimos metros o camiño flanqueado por muros de pedra, ascende suavemente ata chegar á vila de Paderne, que se compón dunha ducia de casas habitadas bastante ben conservadas e distribuídas por empinadas costas cara o río.

A ruta finaliza no alto da aldea, ó carón da estrada principal asfaltada.



### LENDA



Ruta do Alto da Pedra